



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

### ACTA Nº 2018/3

#### SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO

**-MARTES 24 DE XULLO DE 2018-**

No día de hoxe, ás 20:10 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria do Pleno.

**PRESIDE:**  
José Luis García López

**ASISTEN:**  
(De Alternativa por Arzúa)  
María del Carme Torreiro González  
Alfonso Carril Guerra  
Aurora Varela Duro  
Miguel Angel Vallo Camba  
Andrés David Pérez Ferreira  
María del Pilar Castro Vallo

(De Partido Popular)  
Jesús García Rodríguez  
Alfonso Lodeiro Regueiro  
Evangelina María Orois Conde  
Vanessa Quintela Pedreira

(De PSdeG-PSOE)  
Begoña Balado Conde

(De CxG-CCTT)  
José Ignacio García Couso

**SECRETARIO:**  
Juan Félix Colmenares López-Soldado

**Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2018.**

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á dita acta.

E non formulándose observacións á mesma, considérase aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

**Punto 2º) ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA LEVAR A CABO A XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA CLIMATIZADA E DA PISCINA DESCUBERTA, MEDIANTE CONCESIÓN.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 11 de xullo de 2018; no seguinte sentido:

*“A requirimento da presidenta da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, Sra. Varela Duro (de AxA) que pediu ao secretario que explicase este único asunto da Orde do día; o secretario informou que a situación en que se atopaba actualmente o expediente que se tramita para contratar a xestión das dúas piscinas municipais era a seguinte:*

*I) Que unha vez que o Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 29 de xuño (venres), adoptou o acordo de considerar ventaxosa para este Concello a oferta presentada por SOOM MANAGEMENT, S.L, realizouse o requirimento previsto na cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares, que foi recibido o venres seguinte día 6 de xullo, para que no prazo de dez días hábiles presentase a documentación a que se refire dita cláusula, e se convocou a presente sesión nese día, por canto que se informara que antes do día de hoxe a citada empresa presentaría a referida documentación.*

*II) Que, ao no presentar todavía esa documentación, estaríamos na situación de que o acordo que agora se adopte, se fora favorable á adxudicación a favor de SOOM MANAGEMENT, S.L, tería que quedar condicionado a que presente esa documentación dentro do prazo concedido e antes da convocatoria da sesión do Pleno.*

*III) Que na sesión plenaria, onde se acordou a adxudicación do contrato á citada empresa, tamén deberá adoptarse o acordo de rexeitar a proposta presentada no seu día pola UTE: ITUDE, S.L.-SERVIPLUS, S.L, por*

*non axustarse a súa proposta ao contido establecido para o Sobre B), na cláusula 14 nº 2 do prego de cláusulas administrativas particulares; ratificando en consecuencia o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 2 de maio de 2018.*

---

*Deseguido a presidenta desta Comisión informativa abriu unha ronda de intervencións; realizándose as seguintes manifestacións:*

*\*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT):*

*- Que non sabe cando remata a prorroga que se concretou coa empresa que agora ten a concesión da piscina, polo que pode suceder que quedemos sen a prestación do servizo.*

*- Que se a empresa que vai ser adxudicataria do contrato non presenta a documentación, o problema teno que ter ela.*

*\* Da Sra. Balado Conde (de PSdeG-PSOE) para preguntar que pasaría se a empresa non presenta esa documentación.*

*Responde a Sra. Varela Duro, que entón non se convocaría a sesión do Pleno.*

*Manifesta a Sra. Balado Conde que, se a empresa adxudicataria non pode prestar o servizo para o mes de agosto, vai haber un problema.*

*Responde a Sra. Torreiro González que non vai haber ese problema.*

*\* Do Sr. García Rodríguez (do PP), para expresar que espera a que se resolva esta situación, para que se poida prestar o servizo.*

*Tras todo o exposto, a presidenta a Comisión informativa someteu este asunto a votación ordinaria;*

*Adoptándose -por catro votos a favor ( de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 do PSdeG- PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a adxudicación a favor da empresa SOOM MANAGEMEN, S.L. da xestión da piscina municipal cuberta-climatizada e da piscina municipal descuberta, sempre e cando presente a documentación que lle foi requirida, nos termos dese requirimento”.*

---

*Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:*

- Do Sr. García Couso ( de CxG-CCTT) para expresar que entende que a empresa que vai ser a adxudicataria da xestión da piscina, xa entregou a documentación que lle tiña sido requirida; pero vai manter a súa*

postura de abstención, que xa tiña indicado na sesión da Comisión Informativa.

E espera que esa empresa cumpra as tres condicións que considera que deberían esixirse á empresa adxudicataria, que xa propuxo – na sesión plenaria anterior- cando se resolveu sobre outro trámite deste procedemento.

1.- A permanencia dos traballadores cos cales se vén prestando o servizo.

2.- Que se manteña a calidade do servizo.

3.- Que o custe para os usuarios non experimente unha suba.

- Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que desexa que a empresa que vai levar a cabo a xestión da piscina cumpra coas funcións que vai ter que asumir. E dado que o voto do grupo político do Partido Popular non vai a influir á hora de adoptar o acordo da adxudicación, vanse abster, porque quen mellor pode coñecer se a empresa é a axeitada para xestionar o servizo é o grupo de goberno.

- Do Sr. Alcalde, para manifestar que na sesión do pleno anterior, cando se tratou sobre a clasificación das ofertas presentadas, xa explicou que - en canto aos traballadores- a nova empresa ten que subrogarse na súa contratación; e que – en canto á suba de prezos aos usuarios- tamén se explicou, na outra sesión anterior, que pola Lei de Desindexación non se podían subir.

E espera que a nova empresa desenvolva a súa xestión, incluso mellor que a empresa que levou a piscina nos últimos anos, ao menos nalgúns aspectos, como no caso das actividades.

Considerando que, conforme se dispón na cláusula 19ª (Adxudicación) do Prego de cláusulas administrativas particulares, en relación co exposto no artigo 151 nº 3 e 4 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á data de recepción da documentación referida á cláusula 18ª de dito prego; cuxa adxudicación deberá: ser motivada, notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarse no perfil do contratante; debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo no que debe procederse á formalización do contrato conforme ao artigo 156 nº 3.

E tendo en conta o dictame emitido pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 11 de xullo de 2018.

O Sr. alcalde decidiu someter esta asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos da votación. Adoptándose -por oito votos a favor (7 de A.A e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos cinco concelleiros restantes (4 do PP e 1 de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Adxudicar á sociedade SOOM MANAGEMENT, S.L. o contrato para levar a cabo a xestión da piscina municipal cuberta climatizada e da piscina municipal descuberta, en réxime de concesión, de conformidade co prego de cláusula administrativas particulares e co prego de prescricións técnicas, aprobados polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 17 de marzo de 2018; e elo, nos seguintes términos previstos na oferta económica que tiña presentada a través do Sobre C) “Oferta económica”:

**a)** Subvención proposta por dita sociedade, a satisfacer polo Concello, por un importe de 98.355 euros anuais; sendo a prevista na cláusula 8ª (*Réxime económico do contrato*) do prego de cláusulas administrativas particulares, de 98.600 euros.

**b)** Incremento de 40 horas semanais no número de horas, para actividades dirixidas gratuitamente para os abonados da piscina municipal cuberta.

**c)** Incremento de 4 días anuais, no número de días, en canto á cesión das instalacións ao Concello.

Incluindo na súa proposta:

\* Tanto as melloras que realizaría en materia social, en materia de oportunidade e en materia de medioambiente; as cales figuran detalladas no documento nomeado “Plan de Melloras”, presentado dentro do Sobre B).

\* Como as melloras propostas a través do documento nomeado “Proxecto de Xestión”, incluído tamén dentro do Sobre B).

**Segundo.-** Publicar esta adxudicación no perfil do contratante do Concello.

**Terceiro.-** Notificar este acordo á sociedade SOOM MANAGEMENT, S.L.; facéndolle saber que a motivación necesaria para levar a cabo esta adxudicación ven recollido no acordo que adoptou o Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2018, cando resolveu sobre o punto 8º) da súa Orde do día, denominado “Clasificación de ofertas no procedemento de contratación para levar a cabo a xestión da piscina municipal cuberta climatizada e da piscina municipal descuberta, mediante o sistema de concesión”; cuxo acordo figura transcrito enteramente no requerimento efectuado o día 6 de xullo de 2018, ao representante legal de dita sociedade.

**Cuarto.-** Notificar este acordo á UTE: ITUDE,S.L.- SERVIPLUS,S.L., cuxa proposta resultou rechazada pola Mesa de Contratación, na reunión

celebrada o día 2 de maio de 2018, por canto que a documentación aportada, como consecuencia do requerimento efectuado para que subsanase a deficiencia observada, non se axustaba aos términos indicados no requerimento realizado.

Dando traslado á citada UTE dunha certificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2018; ao resolver o punto 8º) súa Orde do día, denominado “CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN PARA LEVAR A CABO A XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA-CLIMATIZADA E DA PISCINA EXTERIOR DESCUBERTA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCESIÓN”; por canto que dito acordo contén a motivación necesaria para realizar a adxudicación da xestión das dúas piscinas municipais a favor da sociedade SOOM MANAGEMENT, S.L., dando agora por reproducidos neste acordo os antecedentes e consideracións que contén aquel outro acordo do 29 de xuño de 2018.

**Quinto.-** Requirit ao representante legal da sociedade SOOM MANAGEMENT, S.L. para que compareza na Alcaldía, co obxecto de asinar o correspondente contrato, dentro do prazo de quince días hábiles a contar dende a data de notificación da adxudicación; a cuxo contrato se unirá: un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares, outro exemplar do prego de prescricións técnicas e unha copia do proxecto e oferta presentados.

**Sexto.-** Facer saber á sociedade adxudicataria que deberá aportar, como requisito previo á formalización do contrato, a documentación prevista na cláusula 20ª do prego de cláusulas administrativas particulares; consistente:

- a) No xustificante de abono da taxa por anuncios de licitación e adxudicación, ata un importe máximo de 2000 euros.
- b) Na acreditación de que se cubriu a responsabilidade civil e danos a terceiros, cos requisitos establecidos na cláusula 29ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Sétimo.-** Notificar este acordo á empresa VIAQUA, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. que veu levando a cabo a xestión das dúas piscinas municipais, én réxime tamén de concesión; e que actualmente tiña prorrogada esa concesión polo prazo dun ano dende que rematou o seu contrato, para o seu debido coñecemento e para coñecemento tamén dos traballadores cos que veu realizando a súa xestión na piscina cuberta climatizada.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 20:50 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde

e do secretario, que certifica.